


**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES****Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común**

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

Sr. Alcalde Presidente do
Concello
A Picota, s/n
15256-MAZARICOS



Aos efectos oportunos comunícolle a resolución do expediente nº 332 do monte "De Abeleiras", do lugar de Abeleiras, parroquia de Baos, concello de Mazaricos, segundo o acordo deste Xurado na súa reunión de data 20 de xuño de 1997:

"Reunido na data 20 de xuño de 1997 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, coa asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barrallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, os Vocais, D. Andrés López-Suevos Fernández, Xefe do Servicio de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación, para estudar e resolve-lo

Expediente nº 332
Monte: De Abeleiras
Lugar: Abeleiras
Parroquia: Baos
Concello: Mazaricos

ANTECEDENTES DE FEITO

1º. Diversos veciños do lugar de Abeleiras, parroquia de Baos, concello de Mazaricos, solicitaron con data 03/07/1995 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 29,75 Ha.
Lindeiros:



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

Parcela I: Superficie 23,25 Ha. É a parcela II do monte "Baos", nº 103-C do C.U.P.

NORTE: Do piquete nº 50 ó 62 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares de veciños de Abeleiras.

LESTE: Do piquete nº 62 ó 72 seguindo a orde de piquetes, con monte de Alborés e propiedades particulares de veciños de Abeleiras. SUR: Do piquete nº 72 ó 73, con propiedades particulares de veciños de Abeleiras. OESTE: Do piquete nº 73 ó 79 seguindo a orde de piquetes, do 79 ó 48, deste último ó 50 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares de veciños de Abeleiras.

Parcela II: Superficie 6,50 Ha. É parte do monte "Aro", nº 103-B do C.U.P.

NORTE: Do marco Azul situado a 50 m. do piquete nº 127 na liña do deslinde en dirección ó nº 126, ata o piquete nº 127, deste ó 132 seguindo a orde de piquetes, e deste ó 1, con propiedades de veciños de Abeleiras. LESTE: Do piquete nº 1 ó 4 seguindo a orde de piquetes, con propiedades de veciños de Vilar de Castro. SUR: Do piquete 4 ó 121 seguindo unha liña recta duns 200 m., e deste ó 122, con resto do monte "Aro" e propiedades de veciños de Lago. OESTE: Do piquete nº 122 seguindo 84 m. polo muro de terra ata marco Branco, segue 114 m. polo muro de terra ata marco Mouro, e deste 50 m. polo muro de terra ata marco Azul, a uns 50 m. do piquete nº 127 sobre a liña do deslinde, co resto do monte "Aro".

20. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 26/02/1996, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Juan Ramón Beneyto Bellas, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedéuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Mazaricos, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 197 de 08/10/1996), taboleiro de anuncios do Concello e lugares de costume.

30. Os veciños de Abeleiras fundamentan a súa petición perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común na orixe foral do citado monte e en que desde tempos inmemoriais ven aproveitándose de forma consuetudinaria, en réxime de comunidade e sin asinación de cotas, segundo os usos e costumes.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

4º. Na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92 de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos arts. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º. En conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de Abeleiras, parroquia de Baos, concello de Mazaricos, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asinación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (arts. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no punto anterior, dedúcese que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal de Abeleiras, parroquia de Baos, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e Fundamentos de Dereito expostos, nésta data,



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal do lugar de Abeleiras, parroquia de Baos, concello de Mazaricos, o denominado Monte "De Abeleiras", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro antecedente. Asimesmo, acórdase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes da Coruña".

Contra a presente Resolución poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do momento de recepción da presente, segundo a ata agora vixente Lei de Procedemento Administrativo.

A Coruña, 20 de xuño de 1997


Vº e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,

Asdo. Rogelio Aramburu Núñez

O SECRETARIO DO XURADO,

Asdo. Manuel Puente Araújo





PARCELA I

PARCELA I superficie 1300 m²
 Despecho concedido a Francisco Hacedas
 PARCELA 2- 442 330 Has. Manuel Otero Romas

LA CORUÑA-
 EL INGENIERO

DESLINDE TOTAL DEL MONTE "BAOS"

Nº 103-C DEL CATALOGO DE U. P.


AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS
 PARROQUIA DE SANTO TOME DE BAOS

ESCALA 1:5.000


MONTE BAOS
 Nº 103-C DO C.U.P.
 CONCELLO DE MAZARICOS
 PARROQUIA DE SANTO TOMÉ
 CUADRO DE SUPERFICIES (Has)

PARCELA	ELENCO	Sup. Total	Sup. Enclavados	Sup. Desconsorciada	Sup. Consorcio
PARCELA I	C-2177	70,75	0,00	18,65	52,10
PARCELA II	C-2127-1	23,25	1,35	0,00	21,90
TOTAL		94,00	1,35	18,65	74,00

Datos: julio 2008



PARCELA II



DESLINDE TOTAL DEL MONTE
"ARO"

Nº 103-B DEL CATALOGO DE LIP
PARROQUIA DE SAN JUAN DE MAZARICOS
AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS

ESCALA 1:5000

CABIDA TOTAL	167,46 Ha
CABIDA ENCLAVADOS	10,01 Ha
CABIDA PÚBLICA	157,45 Ha

CABIDA ENCLAVADOS	
ENCLAVADO A	0,47 Ha
ENCLAVADO B	0,38 Ha
ENCLAVADO C	5,18 Ha
ENCLAVADO D1	3,03 Ha
ENCLAVADO D2	0,95 Ha

MONTE ARO Nº 103-B DO C.U.P. CONCELLO DE MAZARICOS CUADRO DE SUPERFICIES (Has)						
Pertenencia	Elenco	Sup. Total	Sup. Enclavados	Sup. Habilitada	Sup. Comarcas	Sup. Total
ABELEIRAS	6-2126-3	7,25	25,48	3,98	21,50	7,25
PARQUELAGO						0,00
DONCELLO	6-2126	5,00	33,45	5,10	20,30	5,00
CANAL ESCUPO						20,30
LEQUINA						0,00
SERRANS	6-2126-2	12,00	38,05	0,85	12,00	37,20
INSULA	6-2126-1	22,00				22,00
TOTAL		167,46		16,91	87,70	167,46

Datos, julio de 2003

MONTE "ARO"
AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS

LA CORUÑA, ENERO DE 1962
EL INGENIERO OPERADOR

NOTA: Los números entre Paréntesis corresponden al Apdo del Monte Santa Marina Nº 103 L. (C) C.U.P.